

BASES REGULADORAS PARA POSTOS DE VENDA DA II EDICIÓN DE MURALLÓN DE SON

1. O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SERÁ DE DEZ DÍAS NATURAIS DENDE A PUBLICACIÓN DAS BASES NA PÁXINA WEB.

2. AS SOLICITUDES, A CUMPRIMENTAR NO FORMULARIO DE SOLICITUDE, DEBERÁN COMPRENDER:

- NOME E APELIDOS DO/ DA INTERESADO/A.
- NIF (ADXUNTAR FOTOCOPIA).
- DOMICILIO (RÚA, NÚMERO, CÓDIGO POSTAL, MUNICIPIO E PROVINCIA).
- TELÉFONO E DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO.

ADEMAIS, NELAS ESPECIFICARASE O PRODUTO OBXECTO DE VENDA.

3. NON SE ACEPTARÁN SOLICITUDES DE VENDA DE PRODUTOS DE BEBIDAS.

4. AS PERSOAS SOLICITANTES DEBERÁN ACREDITAR ESTAR EN POSESIÓN DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- CERTIFICADO CENSAL.
- ALTA EN AUTÓNOMOS NA SEGURIDADE SOCIAL
- CERTIFICADO DE ESTAR AO CORRENTE EN FACENDA.
- CERTIFICADO DE ESTAR AO CORRENTE COA SEGURIDADE SOCIAL.
- PÓLIZA E RECIBO DE PAGO DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

5. A MONTAXE DOS POSTOS TERÁ LUGAR O VENRES 6 A PARTIR DAS 19.00H E O SÁBADO 7 A PARTIR DAS 10.00H. LEVARÁSE A CABO COA AXUDA DO PERSOAL MUNICIPAL E DO FESTIVAL. A VENDA COMEZARÁ A PARTIR DA HORA DE APERTURA DE PORTAS AMBOS DÍAS E REMATARÁ CADA DÍA CANDO CONCLÚA O FESTIVAL. UNHA VEZ PECHADO O FESTIVAL PROCEDERASE A DESMONTAR OS POSTOS DO MERCADILLO ATA O DOMINGO A MEDIA TARDE, DEIXANDO O ENTORNO COMPLETAMENTE LIMPO.

6. A LOCALIZACIÓN DOS POSTOS REALIZARASE SEGUNDO OS CRITERIOS DOS ORGANIZADORES, O ESPAZO APROVEITABLE E OS REQUIRIMENTOS DE CADA POSTO. TANTO A VIXILANCIA DOS POSTOS COMA O SEU ALUMEADO SERÁ POR CONTA DAS PROPIAS PERSOAS VENDEDORAS.

7. O MÉTODO DE ADXUDICACIÓN DE POSTOS REALIZARANE SEGUNDO ORDE DE SOLICITUDE E SEGUNDO A OFERTA DOS PRODUTOS. NO MOMENTO DE SELECCIÓN ENVIARASE UNHA COMUNICACIÓN AO CORREO PROPORCIONADO POLAS PERSOAS SOLICITANTES XUNTO COA OFERTA ECONÓMICA. ESPÉRASE UNHA RESPOSTA DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DENTRO DOS 5 DÍAS POSTERIORES Á COMUNICACIÓN.

Todas as comunicacións faranse a través do correo electrónico do festival murallondeson@gmail.com
(www.murallondeson.com)